

Retorna Lamote

No ano 1985 o Barco de Vapor publicou *Das cousas de Ramón Lamote*, unha obra que xa acadou, sen dúbida e tal e como acredita o feito de ser o noso primeiro premio nacional de literatura infantil e xuvenil, un lugar senlleiro na historia das nosas letras malia ser publicada nun intre en que este xénero aínda non estaba tan desenvolvido coma na actualidade. Ramón Lamote volve outra vez grazas á iniciativa do seu autor, Paco Martín (Lugo, 1940), desta volta da man da editorial Galaxia e preséntanos 20 anos despois. Un home ancián e xubilado, dotado dun xeito moi característico de entender o mundo, igual de entrañable ca o da primeira das obras. Mais, aínda que o título evoque unha primeira parte, non debemos falar de partes ou continuidade pois cada volume constitúe unha obra autónoma e independente no que atinxe ás aventuras malia seguir presente o espírito crítico e humorístico e algúns personaxes alén de Lamote.

Novas cousas, novos feitos que se dividen agora en sete capítulos artellados arredor de tres motivos fundamentais. Por unha banda o encargo literario dun poderoso empresario da tranquila cidade onde Ramón habita, encargo carente de contido útil

Un personaxe de noso



PAULA FERNÁNDEZ



do que só grazas á intervención de Sabela e do noso protagonista se poderá tirar algún proveito. Por outra banda, a participación nunha curiosa asociación promovida pola súa amiga Astrea, que salienta o valor da amizade tan defendido polo velliño e, por último, o tem-

po que con motivo dun congreso transcorre o señor Lamote en Urbscras, unha cidade ficticia onde transcorren os últimos capítulos caracterizada pola ausencia de humanidade e polo control exercido por diferentes aparatos tecnolóxicos.

Recupérase desta maneira un clásico da literatura galega traducido para diferentes idiomas que lle valeu o recoñecemento en todos os países aos que chegou grazas ao carácter dun personaxe verosímil e tenro, cargado de valores e bos sentimentos, cargado tamén dun espectacular sentido do humor e dunha conciencia crítica que lle fan enfrontarse a moitos dos problemas tirados da sociedade actual dun xeito divertido e galego, cheo de retranca, moi ameno para quen le. Mais tamén un texto recoñecido grazas ao labor literario de Paco Martín á hora de narrar os acontecementos e caracterizar os seus personaxes, redondos estes e cheos de personalidade.

Un acerto editorial que achega un personaxe co que gozamos moitos dos que agora xa pasamos os trinta ás novas xeracións lectoras.

MARTÍN, Paco, Das novas cousas de Ramón Lamote (Ilustr. Xoán Balboa), Ed. Galaxia. Vigo, 2008. 182 páxinas.